

# Que bonificacións e incentivos existen ao contratar a unha persoa con discapacidade?

Down Galicia e as súas entidades ofrecen asesoramento e documentación oficial para facilitar estes procesos.

## BONIFICACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL

O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) proporciona bonificacións e reducións á Seguridade Social ao contratar a persoas con discapacidade. Estas poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

**O importe da Seguridade Social está bonificado ao 100%, independentemente da xornada. Ditas bonificacións duran toda a vixencia do contrato. As seguintes táboas fan referencia a unha xornada completa, polo que en caso de xornada parcial corresponderá o importe proporcional:**

### CONTRATO INDEFINIDO

Tanto para a contratación indefinida como para a conversión de contratos temporais de fomento do emprego, así como de contratos formativos nas empresas ordinarias.

#### Contrato a persoa con discapacidade non severa<sup>1</sup>

Bonificación durante toda a vixencia do contrato.

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.500 €	5.700 €
Mulleres	5.350 €	

#### Contrato a persoa con discapacidade severa<sup>2</sup>

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	5.100 €	6.300 €
Mulleres	5.950 €	

#### Contrato a persoa con capacidade intelectual límite<sup>3</sup>

Bonificación de 128 euros ao mes durante 4 anos.

*Nota 1:* Persoa con discapacidade entre 33% e 65%.

*Nota 2:* Persoa con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual ≥ ao 33%, ou persoa con discapacidade física ou sensorial ≥ ao 65%.

*Nota 3:* Persoa con discapacidade intelectual entre 20% e 33%.

### CONTRATO TEMPORAL DE FOMENTO DE EMPREGO

Duración mínima de 12 meses e máxima de 3 anos.

#### Contrato a persoa con discapacidade non severa

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	3.500 €	4.100 €
Mulleres	4.100 €	4.700 €

#### Contrato a persoa con discapacidade severa<sup>2</sup>

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.100 €	4.700 €
Mulleres	4.700 €	5.300 €

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social

#### Acceso á documentación oficial:

[Bonificacións á contratación de persoas con discapacidade](#)

[Guía de integración laboral das persoas con discapacidade](#)



## INCENTIVOS DA XUNTA DE GALICIA

A través do Plan Galicia Emprega, a Xunta de Galicia incentiva a contratación de persoas con dificultade de inserción laboral, como son as persoas con discapacidade. [O procedemento para solicitalo adoita estar aberto](#) entre febreiro e setembro. Estes incentivos son compatibles coas bonificacións da Seguridade Social.

Ao longo do ano o goberno autonómico pode activar outras medidas. Down Galicia sempre está dispoñible para informar de calquera liña de axudas chegadas das diferentes administracións.